

## Acta do fallo do xurado da I Edición do Desafío GenTech

MEMBROS DO XURADO
• <b>Begoña González Serén</b> , Xerente de Proxectos de Altia.
• <b>José Ramón Tubío Ordóñez</b> , Xerente de Proxectos e membro da Oficina Técnica de Xestión Empresarial de Altia.
• <b>Antonio García Rey</b> , Xefe de Proxecto de Altia e Scrum Product Owner.

En **Milladoiro (Ames)**, o **6 de xuño de 2019**, réunese o xurado da I Edición do *Desafío GenTech*, cuxos compoñentes cítanse ao inicio desta acta, para proceder ao fallo do concurso.

Tras ver os vídeos presentados e admitidos ao concurso, os membros do xurado intercambian impresións e coinciden en valorar o bo nivel medio que presentan os mesmos. Como expresamente figura nas bases da convocatoria da I Edición do Desafío GenTech, os compoñentes do xurado ratifican que valorarán que: *"o proxecto describa unha solución tecnolóxica aplicable no ámbito educativo, social ou medioambiental, que poida ter aceptación no mercado pola súa orixinalidade, deseño, innovación..."*.

Unha vez analizados e valorados os vídeo-proxectos presentados ao concurso e realizadas as deliberacións oportunas, o xurado resolve por unanimidade dos seus compoñentes que o traballo que mellor se axusta aos criterios de orixinalidade e calidade (tanto nos contidos como nos aspectos formais da presentación, comunicación), grao de innovación, xeración de valor engadido no ámbito para o que se presenta e viabilidade técnica é o seguinte:

Centro: **IES Plurilingüe Fontexería de Muros**

Nome do equipo: **"XARDA"**

- Membros do equipo:
- **Maruxa Fiuza Tajés,**
  - **Eva Pérez Gómez**
  - **Paula Portals Lestón**
  - **Antía Rey Abeijón**

Titor/a: **María Paz González López**

Título do proxecto: **"Cam-bio"**


Temática do proxecto: **Medioambiental**

O fallo do xurado publicarase na Web <https://www.altia.es/es/gentech>.

Altia poñerase en contacto co equipo gañador para coordinar a entrega do premio que, de acordo coas bases da convocatoria, terá lugar nas instalacións da Oficina de Altia situada en Parque Empresarial Novo Milladoiro, Rúa Palmeiras, 67A, 15895 Ames, A Coruña.

O xurado quere destacar a creatividade, orixinalidade e motivación de todos os estudantes que participaron no concurso. Grazas a todos.

E para que conste, levántase a presente acta, que asinan todos os membros do Xurado, no lugar e data indicados.

		
Begoña González Serén	José Ramón Tubío Ordoñez	Antonio García Rey